

Exame tipo

Texto

Quimeras

Por se alguén non se decatara, esta semana vimos de celebrar a chegada do ser humano americano á Lúa. Incomprensiblemente, na épica celebracional incluíuse a divulgación do compromiso dun cabreado Kennedy de chegar á lúa antes da fin de 1969 para derrotar aos soviéticos na carreira espacial. A chegada á Lúa vén ser así un episodio máis da Guerra Fría, se cadra, unha das épocas máis estúpidas da autodenominada civilización occidental.

Confeso o meu absoluto desinterese por saber se hai outras formas de vida na galaxia. En todo caso, o que nos trouxeron da Lúa foron uns cantos penedos. Porén, moitos queren xustificar a paranoia espacial polos adiantos científicos e tecnolóxicos que supuxo. Peor mo poñen. Aínda máis absurda toda esa parafernalia para avanzar a informática ou inventar o microondas. Habería que recapacitar con esa enfermiza pulsión da humanidade de utilizar a guerra ou a fórmula 1 para desenvolver a ciencia nuclear, Internet, os freos de disco ou o turbo.

Lástima que as ilusións colectivas ou o pensamento utópico veñan sendo substituídos polas quimeras. As quimeras teñen moito de despótico, como esta teima de Kennedy en chegar á Lúa antes cós rusos. Cando non son despóticas, son simplemente nihilistas. Ten algún sentido común ese autodesafío de tantos alpinistas por escalar o maior número de “oito miles”? Construimos un mundo mellor con esas presuntas fazañas?

(Antón Reixa, *Xornal de Galicia*, 25.07.2009)

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto: *quimera*, *penedos*, “*oito miles*” (1 punto).
2. Faga un esquema coas ideas principais e as ideas secundarias do texto, indicando con claridade a xerarquización existente entre elas (2 puntos).
3. Indique a que clase de palabras pertencen as seguintes formas: *incomprensiblemente*, *celebracional*, *despótico*, *en*, *mellor* (1 punto).
4. Identifique que tipo de construción verbal é *veñan sendo* e explique o seu significado na frase do texto: *Lástima que as ilusións colectivas ou o pensamento utópico veñan sendo substituídos polas quimeras* (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión do autor (4 puntos).